



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 7 DE XANEIRO DE 2021**

No día de hoxe, ás 20:02 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** José Luis García López

**ASISTEN:**

Miguel Angel Vallo Camba  
M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González  
Manuel Rodríguez Santos  
Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela  
Jesús Gómez Camino  
Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos  
Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

**AUSENCIAS:**M<sup>a</sup> del Carmen Fuentes Rios,

**SECRETARIA:** Rebeca Vázquez Vázquez

**INTERVENTORA:** Gema Leal Insua

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

### 1. APROBACIÓN , SE PROCEDE, ACTAS ANTERIORES

De conformidade co preceptuado no artigo 21 do R.O.F. o alcalde pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en datas 29/10/2020, 06/11/2020 e 23/11/2020.

Non habendo ningunha obxección as mesmas, quedan aprobadas ditas actas por unanimidade dos doce membros presentes.

### 2. . DITAME ADHESION AO CONVENIO XUNTA DE GALICIA DENUNCIAS COVID. EXPTE TEDEC:2020/A006/000011

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 29/12/2020, no seguinte sentido:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a solicitude de adhesión o convenio de colaboración validando a remisión asinada polo Alcalde antes do 30/12/2020 do modelo que figura como ANEXO II ao correo electrónico dirixido a [administracionlocal@xunta.gal](mailto:administracionlocal@xunta.gal), o que supón a efectiva encomenda de xestión á Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo segundo as condicións de funcionamento establecidas no ANEXO I.

**SEGUNDO.-** Aceptar para dita adhesión formal e expresamente todas e cada unha das cláusulas do Convenio asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo con subxección plena a todas elas.

**TERCEIRO.-** Autorizar ao alcalde para calquera acto necesario para a efectividade deste acordo.

**CUARTO.-** Remitir certificado deste acordo á Xunta de Galicia Dirección Xeral de Administración Local aos efectos oportunos.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou: Que vai votar a favor deste convenio porque é un convenio que asinou a FEGAMP coa Xunta de Galicia, aínda que a Xunta meteulle toda a responsabilidade aos concellos.

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifestou:

- Que se van abster neste punto da orde do día, porque entenden que son competencias ou ben do goberno central ou da Xunta de Galicia, e non entenden porque os concellos teñen que levar este control, aínda que ao noso concello non lle afectaría porque só lle afectaría a concellos que teñen ata 10.000 habitantes.

- Que non entende neste convenio porque a uns concellos lle afecta e a outros non, porque se teñen 10.000 habitantes é a) e se teñen 10.005 habitantes é b).Que na prensa veu publicado as sancións que houbo en todo o ano en Galicia, 180 sancións, polo que non está habendo un control, os servizos municipais de Arzúa cantas sancións tramitaron.

-Entenden que a Xunta de Galicia era a que tiña que levar as competencias totais neste tema, cando lle foron transferidas do goberno central as autonomías.

\* O Sr. Rivadulla Varela (PP) indicou:

- Supón que é por un tema de organización e tamén un tema de representación das forzas do orde que poida haber en cada concello, e aquí hai o que hai, despois saen noticias de que xulgado tumba as propostas de sanción, a normativa é a que é, e algunhas sancións non quedan en nada, pero en principio están a favor.

Indica o alcalde que o seu grupo vai votar a favor da adhesión a este convenio.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 10 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 3 concelleiros/as do grupo municipal PP e 1 do concelleiro de CxG), con 2 abstencións dos 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar a solicitude de adhesión o convenio de colaboración validando a remisión asinada polo Alcalde antes do 30/12/2020 do modelo que figura como ANEXO

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Il ao correo electrónico dirixido a [administracionlocal@xunta.gal](mailto:administracionlocal@xunta.gal), o que supón a efectiva encomenda de xestión á Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo segundo as condicións de funcionamento establecidas no ANEXO I.

**SEGUNDO.-** Aceptar para dita adhesión formal e expresamente todas e cada unha das cláusulas do Convenio asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo con subxección plena a todas elas.

**TERCEIRO.-** Autorizar ao alcalde para calquera acto necesario para a efectividade deste acordo.

**CUARTO.-** Remitir certificado deste acordo á Xunta de Galicia Dirección Xeral de Administración Local aos efectos oportunos.

### 3. DITAME MOCION DO BNG SOBRE COMERCIO LOCAL ARZUA

A secretaria indica que na comision informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal de data 29/12/2020 quedou dito asunto sen ditamar favorablemente nin desfavorablemente, con abstención dos tres concelleiros /as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, dous votos a favor ( un do BNG e outro do concelleiro do grupo mixto ) e dous votos en contra ( dos dous concelleiros do grupo municipal do PP ) dase empate que se non se resolve en segunda votación nin con voto de calidade do Presidente ( pola súa abstención ) .

Coñecendo todos os presentes o contido da moción, cuxo contido é o seguinte:

#### **“MOCIÓN PARA APOIAR O COMERCIO DE PROXIMIDADE E FOMENTAR A COMPRA DE PRODUTOS GALEGOS**

##### **Exposición de motivos**

Resulta aberrante que un país como o noso, que posúe unha terra e un mar únicos, que producen alimentos de extraordinaria calidade, non poida ser quen nin de auto abastecer á súa propia poboación. A aposta polo sector primario e as súas industrias de transformación derivadas e, dentro del, polo consumo de produtos galegos, debe ser unha prioridade na política económica, de comercialización e mesmo de comunicación da Xunta de Galiza. Debe levar aparelado o incremento de valor acrecentado na primeira venda, co fin de garantir dignidade nos ingresos e viabilidade de futuro nestes sectores produtivos.

Levamos tempo alertando da imposición, por parte do goberno do PP no noso País, dun modelo de consumo ao servizo das grandes áreas comerciais de capital foráneo, que nos empobrece, atenta contra a nosa saúde, e mesmo xera hábitos de vida e de ocio deshumanizados.

Apoiar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza para Galiza, de humanizar cidades e impedir a desertización das nosas vilas. Está na nosa man modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega, de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

extraordinaria calidade.

No BNG apostamos por prestixiar os nosos produtos primarios e por facilitar a súa comercialización, de maneira que as persoas produtoras obteñan o máximo beneficio, e que as actividades agro-gandeira, pesqueira e marisqueira, a súa transformación e comercialización, sexan un factor de xeración de emprego e dinamización económica neste país, que tanta falta fai.

As políticas fiscais e económicas do Goberno español e da Xunta de Galiza dirixidas a este sector son insuficientes, e en moitos casos contraproducentes: ameazan a supervivencia do comercio local.

Cos acordos que se trasladan nesta moción, desde o BNG queremos contribuír a frear o peche de tendas e a destrución de postos de traballo por mor da crise económica e da pandemia da covid-19, destacando a potencialidade e a calidade dos produtos galegos, como motor para a dinamización dun pequeno comercio local que aposta pola calidade, innovación e especialización.

Por estes motivos, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**

#### **Instar á Xunta de Galiza a:**

- Incentivar a compra de produtos locais e galegos, con promoción da etiquetaxe en lingua galega.
- Posta en marcha de medidas económicas directas e fiscalidade específica para os establecementos comerciais prexudicados polas consecuencias da pandemia.
- Impulsar, mediante medidas económicas, a recuperación dos mercados municipais e as zonas comerciais tradicionais.
- **Impulsar unha marca de calidade dos produtos da horta galega e para produtos pesqueiros e marisqueiros.**
- Estabelecer liñas de crédito prioritarias para o comercio de proximidade. Promoción de alternativas de venda en liña, fronte outras opcións hoxe hexemónicas.
- Promover axudas para implantar ou mellorar establecementos que comercialicen produtos autóctonos."

Deseguido interveñen:

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que manifestou:

- Que esta de acordo que a Xunta de Galicia non axudou nin o comercio local, nin a hostelería nin o turismo, senón que ao revés. A maioría das iniciativas foron mais que nada notas de prensa, as axudas chegaron minimamente para o comercio e o turismo.
- Que esta de acordo que se lle debería reclamar a Xunta de Galicia mais propostas e mais axudas para este sector que é o mais castigado.
- Que por outra banda, dende o concello fixéronse campañas, como un video para dinamizar a cercanía do comercio local, un plan da Deputación para os concellos para dar axudas o comercio, agora vaise sacar un bono para activar o comercio local, estanse levando a cabo unha serie de medidas como no tema do mel que os concelleiros do BNG nomean na súa moción, vanse levar a cabo iniciativas, en canto o tema do turismo estamos estes días activando o tema da mel, a gastronomía e facer

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

actividades a favor do comercio e turismo.

- Que está a favor de que se inste a Xunta a activar o comercio local, pero dende aquí do concello non se está facendo tan mal.

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) indicou:

- Que esta moción foi a comisión informativa o outro día e a secretaria case a leu toda, a concelleira do PSdeG-PSOE case a defendeu.

- Que esta moción é para protexer e potenciar os produtos de proximidade, os produtos agrogandeiros como o queixo, o mel, a nosa horta e nosa carne, unha moción moi semellante a esta foi levada polo BNG ao Parlamento Galego e o PP votou en contra dela.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) manifestou:

- Que hai algún punto desta moción que lles parece interesante, pero hai outros puntos que entende que xa están contemplados, como as axudas, aínda que haberá a quen lle parezan pouco ou haxa quen quede excluído delas, algunhas axudas para os conceptos que se indican na moción xa están en marcha, se chegan ou non, non o sabe como a dos fondos lider, a dos comercios e recuperación de mercados, ao mellor non chegan, pero hai algún punto da moción que si entenden que se podería apoiar

-Que se ao concello de Arzúa lle corresponde duplicar o orzamento previsto para o tema de promoción e apoio do comercio local non o sabe, xa pediran anteriormente que se fixera máis promoción. Están saíndo anuncios na televisión sobre concellos da zona e do camiño de Santiago, e Arzúa non fixo promoción nese sentido, a concelleira do partido socialista xa comentara que quería facer algo de promoción nese sentido e o alcalde tamén, pero parece que aínda non está en marcha.

- Que hai algún punto da moción que xa se cumpre e outros non, polo que van votar en contra.

\*O Sr. alcalde explicou:

- Que o seu grupo non tería problema en votar a favor desta moción, a excepción da parte que lle corresponde ao concello, porque en ningún caso se vai comprometer a nada, dada a situación orzamentaria do concello, non se sabe o que vai pasar coa recadación, como para poñerse no compromiso de dobrar o orzamento para a promoción do comercio local.

- Que íran tomando as medidas, algunhas poden ser as indicadas na moción ou outras que se vaian propoñendo dende os distintos grupos políticos, sempre e cando pasen

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

polos servizos económicos e se estudien e se dea a viabilidade a ese tipo de investimentos.

- Que ata agora estivo facendo o que se puido, estiveronse facendo varias modificacións de crédito para atender distintas necesidades, e isto xa me vale para a seguinte moción do partido popular, irase tomando acordos segundo se vaia vendo a situación, pero el non pode compreterse a nivel xeral.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación esta moción, non aprobándose a mesma, por 3 votos a favor (2 votos dos concelleiros/as BNG e 1 concelleiro de CxG), 1 abstención da concellira do PsdeG-PSOE e 8 en contra (5 dos concelleiros/as de AxA e 3 dos concelleiros/as do PP).

#### 4. DITAME MOCIÓN PP AUTÓNOMO E PEMES.

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente o acordo proposto na moción, na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal de data 29/12/2020, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.-Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais será compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.

SEGUNDO.-Destinar parte do fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generación Europe ao apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.

TERCEIRO.- Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmobles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas e xurídicas nas que concorra a dobre condición de titular do ben inmovible e responsable da actividade económica afectada polas restricións sanitarias.

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida de tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

CUARTO.- Proceder á devolución das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.

QUINTO.- Flexibilizar temporalmente o uso e ocupación da vía pública permitindo unha ampliación dos espazos habilitados para a ocupación de terrazas por parte dos locais de hostalería, así como a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno (calefactores, cubertas, etc).

SEXTO.- Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente autónomos ou pemes.

SÉTIMO.-Realizar unha campaña institución de apoio ao comercio, hostalería e do sector empresarial local”

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Sendo o contido de dita moción o seguinte:

“Dende o pasado mes de outubro rexistrouse en España, e na maioría dos países europeos, unha tendencia ascendente no número de casos de COVID-19. O incremento da transmisión está afectando a grupos de poboación de risco, que presentan unha maior probabilidade de hospitalización e falecemento.

A Xunta de Galicia, desde a declaración de situación de emerxencia sanitaria de data 13 de marzo de 2020, está dando resposta a este crise sanitaria adoptando, ao abeiro da lexislación sanitaria, medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes do Conselleiro de Sanidade, en atención á evolución territorial da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Coa finalidade de revertir a tendencia ascendente desta enfermidade e evitar acadar un nivel de sobrecarga do sistema sanitario como o que se experimentou na primeira vaga da pandemia, o 25 de outubro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Neste Real Decreto, con vixencia prorrogada ata o 9 de maio de 2020, habílanse aos presidentes das Comunidades Autónomas, como autoridades competentes delegadas, a adoptar medidas limitativas de circulación de persoas en horario nocturno, da entrada e saída de persoas do territorio autonómico, da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados, así como aquelas outras que se estimen necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

Neste contexto normativo derivado do vixente estado de alarma, e ante a evolución da situación epidemiolóxica, o presidente da xunta de Galicia, como autoridade competente delegada, adoptou os Decretos 178/2020, 179/2020 e 181/2020 e 182/2020. Nestes decretos e nas ordes complementarias da Consellería de Sanidade recóllense unha serie de medidas recomendadas polos expertos do Subcomité clínico, que implican para os habitantes do noso concello unha serie de limitacións na súa liberdade de desprazamento, así como na permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.

A crise económica, derivada desta crise sanitaria e das restricións impostas para conter a pandemia, teñen un fondo impacto económico social. Por iso, o Goberno galego estivo desde o primeiro día ao carón dos sectores máis castigados apoiándoos con feitos: axudas ao ocio nocturno; incentivos para o sector do comercio, o turismo e os servizos; anticipos de nóminas de ERTES; plan de dixitalización para as pemes e autónomos; iniciativas para potenciar o consumo no comercio ou na automoción; o Plan de Reactivación do sector cultural, o cheque Autónomo ou o Plan de rescate para manter a actividade económica de 50.000 autónomos.

Así mesmo, continuando con estas medidas de recuperación da economía e de mantemento do emprego nos sectores mais afectados pola Covid-19, o pasado 12 de novembro o Consello da Xunta aprobou destinar 10 millóns de euros a unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, microempresas e pemes. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos. E no relativo ao sector da hostelería, neste mes de novembro porase en marcha un paquete específico de axudas-compatible coas dúas liñas do plan de rescate de autónomos, microempresas e pemes -que se está ultimando en diálogo permanente cos seus representantes.

Así e todo, todas as administracións debemos continuar aprofundando nesta liña de apoio a todos os sectores e colectivos mais afectados, implementando dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

Dende este concello tamén debemos achegar liquidez a estas pemes e autónomos, minorar a cara impositiva que están soportando, establecer unha moratoria no pago de determinados tributos, apoiar institucionalmente ao tecido produtivo local e axilizar ao máximo a tramitación administrativa de licenzas ou a adaptación das mesmas, así como os prazos de pago aos provedores e co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Arzúa, presenta a seguinte:

1. Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais será compatibles con aquelas outras que adopten outras

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

administracións.

2. Destinar parte do fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generación Europe ao apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.

3. Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmobles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas e xurídicas nas que concorra a dobre condición de titular do ben inmueble e responsable da actividade económica afectada polas restricións sanitarias.

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida de tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

4. Proceder á devolución das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.

5. Flexibilizar temporalmente o uso e ocupación da vía pública permitindo unha ampliación dos espazos habilitados para a ocupación de terrazas por parte dos locais de hostalería, así como a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno (calefactores, cubertas, etc).

6. Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente autónomos ou pemes.

7. Realizar unha campaña institución de apoio ao comercio, hostalería e do sector empresarial local"

**Deseguido leváronse a cabo as seguintes intervencións:**

\* Do Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar:

- Aprobar esta moción significaría ter un plan de actuación sobre o Covid na area económica principalmente.

- Esta moción do PP ven a cumprir e cubrir un plan local de actuación sobre o Covid do cal carecemos, polo que vai votar a favor. Se saíra a diante sería un plan propio do concello e poderíase actuar sobre mecanismos reflectidos nesa moción.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar o seu voto en contra tendo en conta que os concellos da contorna non sacaron impostos, criticando a Xunta por non axudar os Concellos.

\* Do Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:

- Van votar en contra desta moción como fixeron o outro día na comisión informativa, polos seguintes motivos:

Entenden que unha moción enviada pola dirección do PP e non esta estudiada polos compañeiros de corporación para adaptala as circunstancias deste concello.

Ten bastantes incongruencias, como cando indica "por iso o goberno galego estivo dende o primeiro día acadando os sectores mais castigados apoiandos con feitos", e gustárlle que lle explicaran cales foron eses feitos que apoiaron a xente mais necesitada.

No caso do IBI indica " as persoas físicas ou xurídicas que concorran a dobre condición, que sexa titular mais propietario da actividade económica", ou sexa, que se non eres

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

propietario e tes alugado xa non terán esa bonificación.

Nos apartados que falan das competencias que se lle piden os concellos, cre que neste concello estanse a cumprir, a maioría das cousas que piden son cousas bastante insignificantes.

\* Do Sr. Rivadulla Varela (do PP) para explicar:

- Que como indicou a Sra. Balado Conde de que non se podían deixar de pagar impostos, pero si se podería contemplar a rebaixa dalgún imposto. Na taboa da Deputación os turismos de menos 8 cabalos pagan no Concello de Ames 16,41 en Arzúa 17,16 euros, polo que hai algúns impostos que se poderían baixar o IAE, IVE do rural.
- O tema da limpeza por exemplo do centro de saúde a competencia é da Xunta, o solo municipal a competencia é municipal.

\* Do Sr. Alcalde para manifestar:

- Que o seu grupo vai votar en contra, porque a moción é moi demagóxica, o partido popular sempre está co tema dos impostos, se se rebaixan impostos para despois ter que pagar por outro lado, porque as cousas sen mais non se manteñen.
- Que non sabe xa como explicar que o IBI en Arzúa non hai tanto tempo que se modificou e que os índices xa foron ao mínimo posible ao que naquel momento recomendaron tanto as persoas que fixeron o estudo para a modificación como os servizos económicos do concello, o rústico estaba a 0,7 e pasou a 0,5 polo que non hai moito mais marxe de manobra.
- O lixo como xa ten dito noutras ocasións a ver se atopan algún concello das características do de Arzúa que teña o lixo tan barato.
- Os vehículos, pode existir algún concello que o teña mais barato pero nada fora do normal.
- Estes impostos xa están postos dende hai un montón de anos, a través dos diferentes gobernos foronse creando servizos uns mais necesarios que outros, pero que agora hai que pagar.
- Chegarase ata onde se poida e ata onde recomenden os servizos económicos.

\*Do Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar:

- Que lle parece unha ridiculez modificar una ordenanza fiscal para que cada propietario dun coche aforre un euro, que tamén ten dúbidas de que o que dixo o Sr. Rivadulla Varela sexan os datos reais.
- Que cre o o partido popular en vez de traer estas mocións o pleno, ten que presionar e insistir na Xunta de Galicia, que é un organismo mais potente e grande e con mais poder económico que os Concellos, para que desde a Xunta abran esta liña de axudas na medida do posible. A Xunta si que ten competencias e diñeiro para abrir esta liña de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

axudas.

Indica o alcalde, que tanto o BNG como o PSOE deberían de facer piña, porque xa está ben de que o Sr. Feijoo se ria dos Concellos, porque todo é pasarlle competencias, pero reparto de orzamento obxectivamente non, non chegan axudas da Xunta en todo este tempo que levamos co Covid.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación esta moción, non aprobándose a mesma, por 4 votos a favor (3 votos dos concelleiros/as PP e 1 concelleiro de CxG), e 8 en contra (5 dos concelleiros/as de AxA, 2 dos concelleiros/as do BNG e 1 da concelleira do PsdeG-PSOE).

### 5. DITAME APROBACIÓN DELEGACIÓNS NA DEPUTACION PROVINCIAL DE FUNCIONS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS. EXPTE TEDEC: 2020/X999/000157

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda, de data 29/12/2020, no seguinte sentido:

**PRIMEIRO:** Delegar neste caso o control financeiro das subvencións outorgadas polo Concello de Arzúa, así como a delegación da xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

**SEGUNDO:** Publicar no BOP abríndose un prazo de 30 días hábiles para coñecemento dos interesados e posibles alegacións. O acordo definitivo resolvendo no seu caso as alegacións realizarase polo Pleno ou elevando a definitivo o acordo provisional.

**TERCEIRO:** Notificar á Deputación mediante certificación de Secretaría o acordo definitivo.

Deseguido intevañen:

\* O Sr. García Vázquez ( de CxG) o cal indicou: Que lle parece unha acción de descarga sobre o funcionamento local e dálle algo de recelo que a Deputación o chegue a xestionar, fixándose por exemplo nas bases que fixeron para o PEL Reactiva, xa que son un exemplo de fracaso político, pero votará a favor.

\* O Sr. Carril Ramos (BNG) o cal manifestou:

- Que van votar a favor, porque entenden que non acarrea ningún perxuízo para o

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

concello, é unha forma de liberar algún traballo, menos do que se le no informe, porque entre outras colaboracións que ten que ter a Deputación co concello, case é o mesmo que o da tramitación das subvencións.

- Que o principio da proposta pon que é un servizo gratuito da Deputación, pero mais adiante pon que na ordenanza fiscal nº 5 da deputación, a Deputación poderá cobrar cando unha asociación, un clube etc... pois cometera algún erro ou engano.
- Que lle parece interesante esa posibilidade de que fiscalicen a subvención, porque non agora, pero nalgún momento houbo serias dúbidas sobre a concesión de certas axudas.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) o cal indicou:

- Que van votar a favor, porque evidentemente se isto ao final repercute en que se alixeire o traballo do concello do día a día, o caso é que despois se acabe notando o longo do ano.
- Que o Pel reactiva do cal leva a xestión a Deputación, o reparto e as bases non están moi ben plantexadas, porque hai un desbalance entre empresas pequenas e grandes, pero esperan que nesta parte de control financeiro de subvencións o fagan mellor.

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) a cal manifestou:

- Que o Sr. Rivadulla Varela fale do Pel reactiva da Deputación, xa que houbo unhas bases, en Arzúa presentáronse moitísimas empresas, algunhas non cumprian as bases, pero foron as mínimas, e houbo empresas que se lles dou unha axuda bastante importante.
- Que menos mal que a Deputación esta axudando os concello pequenos, xa non só con subvencións deste tipo, senón no tema de emprego, porque agora a Deputación vai quitar un PEL no que van duplicar as persoas que poidamos contratar, tamén a subvención do POS.
- Que podemos contar as axudas que a Xunta da os Concellos, o Sr. Rivadulla Varela pode contalas todas e anotalas, se este concello ten que vivir das axudas que da a Xunta levaa clara.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros presentes ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 3 concelleiros/as do grupo municipal PP, 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG), o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO:** Delegar neste caso o control financeiro das subvencións outorgadas polo Concello de Arzúa, así como a delegación da xestión, liquidación e recadación dos

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

**SEGUNDO:** Publicar no BOP abríndose un prazo de 30 días hábiles para coñecemento dos interesados e posibles alegacións. O acordo definitivo resolvendo no seu caso as alegacións realizarase polo Pleno ou elevando a definitivo o acordo provisional.

**TERCEIRO:** Notificar á Deputación mediante certificación de Secretaría o acordo definitivo.

### **6. DITAME RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2020. EXPTE TEDEC: 2020/X999/000158**

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda, de data 29/12/2020, no seguinte sentido:

**PRIMEIRO.-** Ratificar o levantamento de reparo e continuación co expediente de gasto que deriva dunha adxudicación directa a empresa comercializadora, do dito subministro, entre tanto non se tramite e adxudique o dito contrato seguindo o procedemento axeitado e aprobar o recoñecemento extrajudicial das facturas antes do remate do ano 2020, no que se inclúen as facturas que figuran na relación F/2020/53 ; 4 facturas de importe 220,72 € .

Interveñen:

- \* O Sr. Carril Ramos (BNG) para indicar:
  - Que van absterse neste punto, porque isto é habitual con este goberno en case todos os plenos, están traendo a aprobación o recoñecemento extrajudicial de crédito, aínda que neste caso é unha cantidade case insignificante, que require máis traballo o trámite que a cantidade en si 220 euros.
  - ¿Por que cando se pasaron estas facturas ao cobro non se pagaron? ¿ Que problema houbo?,¿ Quen fiscaliza estas facturas?.
  - No expediente hai unha advertencia de intervención. Parécelle que isto é pagar facturas sen ningún tipo de control .
  
- \* O Sr. Rivadulla Varela (PP) para indicar:
  - Que xa reclamaran en anteriores ocasións que o concello puxera en marcha o procedemento para incorporarse o sistema de contratación, pero como moitas cousas



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

están en marcha pero non ven que se estean facendo as cousas, como o tema do SAF, a contratación do chiringuito que a ver se o vemos algún día.

- Que incorporarse o sistema de contratación que xa comentaran, espera que se faga mais pronto que tarde, porque senón nalgún momento deixaremos de votar a favor nestas cuestións.

\* O Sr. alcalde para manifestar:

- Que o recoñecemento destas facturas veñen case sempre da mesma empresa, e para poñerlle freno tivose que contratar unha empresa única e exclusivamente para revisar as facturas da electricidade para ter un control e que non nos tomaran o pelo e aínda así seguen na mesma hasta que se lle rescinda o contrato, daraselles un toque.
- Que ao PP tenlle que dicir que no tema das contraccións dos servizos eles tamén teñen a súa responsabilidade xa que se arrastra dende hai moito tempo.
- Que este goberno tivo que poñer moitas contratacións o día, e algún día acabaran, aínda que o mellor non lle toca a él acabar con todas.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 10 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 3 concelleiros/as do grupo municipal PP, 1 do concelleiro de CxG ) e dúas abstencións dos 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o levantamento de reparo e continuación co expediente de gasto que deriva dunha adxudicación directa a empresa comercializadora, do dito subministro, entre tanto non se tramite e adxudique o dito contrato seguindo o procedemento axeitado e aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas antes do remate do ano 2020, no que se inclúen as facturas que figuran na relación F/2020/53 ; 4 facturas de importe 220,72 € .

### **7. DITAME ACORDO DE AMPLIACIÓN DO LÍMITE GLOBAL DO IMPORTE A ABOAR AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS EN CONCEPTO DE GRATIFICACIÓN PRODUTIVIDADE E HORAS EXTRAS. EXPTE TEDEC: 2020/X999/000159**

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda, de data 29/12/2020, no seguinte sentido:

Ratificar a ampliación do importe global consignado no orzamento prorrogado para o exercicio 2020 en concepto de produtividade /gratificación/horas extras en importe de 537,49, ratificando

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

a inclusión da produtividade prevista en cumprimento de acordo adoptado en sesión Plenaria celebrada tempo atrás.

Interveñen:

\* A Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) para indicar que esta de acordo con este punto.

\*O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar que van votar a favor , porque se hai persoal que tivo que facer traballos extraordinarios o lóxico é que os cobre.

-Que non entenden moi ben a proposta da alcaldía onde pon " no caso en que se estableza o complemento de produtividade corresponde ao alcalde a distribución da asignación individualizada" ,o que lles parece que pode ser perigoso.

- Que intervención advirte no informe asinado o 22/12 "da necesidade de que os criterios de reparto de produtividade obxectivos e xenerais sexan acordados polo Pleno, abranse negociacións coa representación do persoal", o normal é que o comité de empresa participe na elaboración destes repartos ou cando menos ter coñecemento.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros presentes ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 3 concelleiros/as do grupo municipal PP, 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG), o Pleno municipal ACORDOU:

Ratificar a ampliación do importe global consignado no orzamento prorrogado para o exercicio 2020 en concepto de produtividade /gratificación/horas extras en importe de 537,49, ratificando a inclusión da produtividade prevista en cumprimento de acordo adoptado en sesión Plenaria celebrada tempo atrás.

## 8. PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL 2019

A Secretaria pasa a ler a proposta asinada polo alcalde con data 04/01/2021, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o expediente que se tramita para a aprobación da Conta Xeral do Concello de Arzúa, correspondente ó exercicio económico 2019, de conformidade co disposto no artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Locais, e que comprende tódalas operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería.

Posta a disposición dos concelleiros que forman parte da Comisión Especial de Contas, en data 19.10.2020.

Exposta ao público a conta formada a partires do 05.11.2020 ( data de publicación do anuncio no BOP da Coruña), ditaminada favorablemente na sesión da Comisión Especial de Contas celebrada en data 11.11.2020, dictamen que se adxunta ao dito expediente.

Toda vez data 15.12.2020 rematou o prazo para a interposición de reparos ou observación, en consecuencia, non constando presentada ningunha reclamación, reparo ou observación, conforme certifica a Secretaria Municipal, aos efectos de aprobar a Conta Xeral do Concello de Arzúa do ano 2020, considérase adecuado, incluír a proposta de aprobación da mesma na orde do día do Pleno ordinario a celebrar o día 7 de xaneiro de 2020.

### **PROPONSE ,**

**PRIMEIRO:** Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2019.

**SEGUNDO:** Efectuar rendición da mesma ao Consello de Contas, quedando acreditado no expediente a efectividade da aprobación da conta xeral para o exercicio 2019.”

Interveñen:

\* O Sr. Rivadulla Varela (PP) para indicar:

- Que nalgún punto da documentación había un erro, xa que se mencionaba a conta xeral de 2017 (Indica a secretaria que dito erro xa está rectificado)
- Que a porcentaxe que se adica a investimentos en infraestruturas é moi baixa, ten moito peso o tema de persoal.
- Que infraestruturas con este alcalde nos últimos anos non lembran que se fixera ningunha, e as que hai xa están feitas de antes e espera que para o ano 2021, aínda que non conta que os orzamentos saian adiante, se teña en conta esa partida, aínda que xa sabe como están as cousas, xa que con respecto a infraestruturas temos un nivel moi deficitario.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que a nivel subvencións, o concello non cobra mais subvencións porque tampouco as solicita, o alcalde xa ten comentado que non se solicitan todas as subvencións que se publican, hai moitas que non se solicitaron nos últimos anos que si se poderían haber solicitado, van saír unhas para o tema de telecomunicacións que en anos anteriores non se solicitaron e non sabe se este ano se fara a solicitude.

-Que lle gustaria que se mellorara este ano a finca do parking que se esta pagando un arrendamento de 10.398,16 euros, pensaban que era algo temporal, e compensaria facer unha compra e non andar pagando arrendamentos de por vida.

- Que o tema de expedición de documentos, que se cobre 14.000 euros e sexa pouco menos que o que se cobra por expedición de licenzas

\* O alcalde contesta:

- Que a demagogia non leva a ningunha parte, xa que a xente non é tonta, se lle leva demostrado algo a xente de Arzúa é que non comulga con rodas de muíño.

- Que diga o Sr. Rivadulla Varela que non se crean infraestruturas, e indicalle que se algún día chega el a gobernar en Arzúa, que cre infraestruturas co orzamento que ten agora Arzúa e haber con que as paga.

-Que este alcalde non tivo boa sorte coa época en que lle tocou gobernar, primeiro tocoulle unha época de crise económica e agora o tema de Covid.

- Que este concello ten parte das súas infraestruturas bastante novas, pero van a empezar a dar problemas, e ese problema seguro o vai ter o seguinte alcalde.

- Que con respecto ao tema das telecomunicacións, se ao final a subvención vai ser como a da outra vez de 30.000 euros, e nun mes ten que comprar fincas, facer instalación eléctrica etc... para que chegan eses 30.000 euros. A Xunta o que debería facer e poñerlles os concellos a fibra optica para que o rural chegue internet, e non andar a poñer parches para que nos concellos se faga ese tipo de demagogia decindo que o alcalde non pide os 30.000 para poñer internet.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, con 6 abstencions ( 3 concelleiros/as do grupo municipal PP, 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG) e 6 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa e 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE) , o Pleno municipal ACORDOU:

**PRIMEIRO:** Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2019.

**SEGUNDO:** Efectuar rendición da mesma ao Consello de Contas, quedando acreditado no expediente a efectividade da aprobación da conta xeral para o exercicio 2019.

## 9. PROPOSICIÓN BONIFICACIÓN/S ICIO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Vista a proposta do alcalde de data 07/01/2021 ao pleno da corporación sobre o especial interese e utilidade pública municipal en relación con instalacións promovidas por agricultores ou gandeiros para poder gozar dunha bonificación do 50% da cota do ICIO.

“Segundo os artigos 82.3 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, proponse se ratifique o tratamento do asunto sin dictaminar que relación con **EXPEDIENTES TEDEC 2017/U022/000045, 2019/U022/000030 e 2020/U022/000012**  
**Aceptase o tratamento do asunto sen ditaminar con 4 abstencións ( 3 dos concelleiros do PP e 1 de Compromiso por Galicia ) e cós 8 votos a favor ( 5 de Alternativa por Arzúa 1 do PsdG PSOE e 2 do BNG )**

**PRIMEIRO.-** Visto o escrito presentado no rexistro xeral do concello, o día 19/10/2020, ao número 202099900000668, por **Dona Natalia Vidal Sánchez**, actuando en representación de **Granxa Foxado, S.C.**, con enerezo a efectos de notificación, no lugar de O Foxado – Santa María, 15819 Arzúa, mediante o que solicita, previa a correspondente declaración de especial interese ou utilidade municipal, a concesión dunha bonificación do 50% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por canto así se prevé no artigo 7.1.d da ordenanza fiscal reguladora, cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por agricultores ou gandeiros para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.

**Resultando.-** Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13/10/2020, acordouse outorgar licenza municipal a favor de Granxa Foxado, S.C., actuando na súa representación Dona Natalia Vidal Sánchez (Expte. TEDEC 2017/U022/000045), para obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción de corte, fosa de xurro e silos forraxeiros, a executar na parcela número 171 do polígono 514 da cartografía catastral, sita no lugar de O Foxado, na parroquia de Santa María, deste termo municipal, de conformidade coas prescricións contidas no proxecto e anexos redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 1430 COETA, Don Óscar J. Pose Andrade, visados polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña-Pontevedra, ao número CO-20170504, por un presuposto de execución material de 275.062,63.-€.

**Resultando.-** Que por Decreto da Alcaldía número 569/2020, ditado o 09/11/2020, resolveuse aprobar a liquidación provisional do imposto sobre instalacións, construcións e obras, en relación co expediente de referencia, tomando para a determinación da base impositiva, os 275.052,63.-€, que figuran no informe emitido, o día 05/10/2020, por Dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Técnico Gallego, S.A., encargada de prestar o servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello.

**SEGUNDO.-** Visto o escrito presentado por no rexistro xeral do Concello, o día 03/10/2019, ao número 2530, por Dona Silvia Fernández Mera, actuando en representación de Avícola Sexto, S.C., mediante o que solicita, previa a correspondente declaración de especial interese ou utilidade municipal, a concesión dunha bonificación do 50% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por canto así se prevé no artigo 7.1.d da ordenanza fiscal reguladora, cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por agricultores ou gandeiros para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.

Asimesmo, hai que sinalar, que xunto co devandito escrito achégase documentación complementaria allea á solicitude de bonificación do ICIO, polo que se aproveita igulamente o mesmo para interesar que continúe coa tramitación do expediente.

**Resultando.-** Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 09/09/2020, acordouse outorgar licenza municipal a favor de Avícola Sexto S.C., actuando na súa representaciónn Dona Silvia Fernández Mera (Expte. TEDEC 2019/U022/000030), para as obras de construción de nave, estercoleiro e peche perimetral, con destino a explotación de polos campeiros, a executar sobre as parcelas número 83 e 84 do polígono 4 da fase de acordo da zona de concentración parcelaria de Dombodán – Branzá, sitas nas inmediacións do lugar de Carral, na parroquia de Branzá, de conformidade coas prescricións contidas, no proxecto e anexos complementarios redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 1430, Don Óscar J. Pose Andrade, visados polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas da Coruña e Pontevedra, ao número 20190565, por un presuposto de execución material de 341.091,12.-€.

**Resultando.-** Que por Decreto da Alcaldía número 515/2020, ditado o 05/10/2020, resolveuse aprobar a liquidación provisional do imposto sobre instalacións, construcións e obras, en relación co expediente de referencia, tomando para a determinación da base imponible, os 341.091,12.-€, que figuran no informe emitido, o día 11/09/2020, por Dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada de prestar o servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello.

**Resultando.-** Que con data 04/11/2020, ten entrada no rexistro xeral do Concello, documento asinado por Dona Silvia Fernández Mera, actuando en representación de Avícola Sexto, S.C., mediante o que Declara baixo a súa responsabilidade:

“Que para os efectos da bonificación do 50%, na cota do imposto sobre instalacións, construcións e obras, en relación co expediente (TEDEC 2019/U022/000030), relativo a explotación de polos campeiros, nas inmediacións do lugar de Carral, na parroquia de Branzá:

Estar exento do pago do imposto sobre actividades económicas (IAE).”

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**TERCEIRO.-** Visto o escrito presentado por no rexistro xeral do Concello, o día 11/06/2020, ao número 202099900000326, por Dona Isabel Fernández Quintela, actuando en representación de Roque de Gramil, S.L., mediante o que solicita, previa a correspondente declaración de especial interese ou utilidade municipal, a concesión dunha bonificación do 50% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por canto así se prevé no artigo 7.1.d da ordenanza fiscal reguladora, cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por agricultores ou gandeiros para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.

**Resultando.-** Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 09/09/2020, acordouse outorgar licenza municipal a favor de Roque de Gramil, S.L., actuando na súa representaciónn Dona Isabel Fernández Quintela (Expte. TEDEC 2020/U022/000012), para as obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción de nave, instalacións anexas e fosa de xurro, a executar na parcela número 141 do polígono 506 da cartografía catastral, sita no lugar de Gramil, na parroquia de Dombodán, de conformidade coas prescricións contidas no proxecto básico e de execución e anexos complementarios, redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 876 COETA, Don Juan Hermida Vázquez, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas, ao número CO-20200233, por un presuposto de execución material de 275.640,79.-€.

**Resultando.-** Que por Decreto da Alcaldía número 516/2020, ditado o 05/10/2020, resolveuse aprobar a liquidación provisional do imposto sobre instalacións, construcións e obras, en relación co expediente de referencia, tomando para a determinación da base imponible, os 275.640,79.-€, que figuran no informe emitido, o día 11/09/2020, por Dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada de prestar o servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello.

**Resultando.-** Que con data 10/11/2020, ten entrada no rexistro xeral do Concello, documento asinado por Dona Isabel Fernández Quintela, actuando en representación de Roque de Gramil, S.L., mediante o que Declara:

“Que a devandita sociedade está dada de alta na Axencia Tributaria no epígrafe B02 – ACTIVIDAD GANADERA con data do 01/07/2020, segundo consta no certificado de situación no censo de actividade económicas da AEAT que a este escrito se adxunta, e está exenta do pago do IAE no exercicio 2020 e seguintes de conformidade co artigo 82, apartado 1, letra C do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

**Resultando.-** Que en relación cos expedientes de referencia, pola Interventora do Concello, emítase informe, onde se transcribe:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL PARA APLICAR BONIFICACIÓN DO ICIO DO 50% ( ANTECEDENTES:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

1. Unha vez se convocan as comisión informativas para dictaminar os asuntos a tratar no Pleno ordinario a celebrar o 7 de xaneiro de 2021, delégase trámite dos expedientes:
2. A) 2017/U022/000045; Granxa Foxado SC.
3. B) 2019/U022/000030: Avícola Sexto.
4. C) 2020/U022/000012: Roque de Gramil S.I
5. Indícaseme mediante correo electrónico o seguinte polo empregado do servizo urbanístico en referencia a ditos expedientes;

*“Asunto: Delegación Expediente 2017/U022/000045, para emitir informe*

*Chamoume o Alcalde en relación co expediente de Granxa Foxado de cara a levalo ao pleno para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, que permita a plicar a bonificación do 50%, por tratárese de obras promovidas por gandeiros.*

*Sobre o asunto indicar o seguinte:*

*1. A licenza outorgouse pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13/10/2020.*

*2. A solicitude de bonificación presentouse o 19/10/2020*

*3. Entre a documentación achegada non figura xustificante acreditativo de atoparse ao corrente ou de exención do IAE*

*4. A ordenanza fiscal reguladora prevé que para gozar da bonificación, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo antes do inicio das construcións, instalacións ou obras, mediante escrito separado. Dita solicitude presentárase ao tempo da licenza, ou en calquera momento anterior á concesión da mesma. A solicitude efetuada fora dos prazos establecidos non surtirá efectos.”*

*“Delégoche igualmente os expedientes 2019/U022/000030 e o 2020/U022/000012, ámbolos dous de explotacións gandeiras.*

*O 2019/U022/000030 está tramitado a instancia de Avícola Sexto. Solicitaron a bonificación o 03/10/2019, outorgouse licenza o 09/09/2020 e presentaron declaración de atopárense exentos de IAE o 04/11/2020.*

*O 2020/U022/000012 está tramitado a instancia de Roque de Gramil. Solicitaron a bonificación o 11/06/2020, outorgouse licenza o 09/10/2020 e presentaron declaración de exención do IAE o 10/11/2020.”*

Confírmase polo alcalde a intención de efectuar proposición de urxencia da declaración de especial interese ou utilidade municipal, solicitando a Intervención Municipal, verbalmente a emisión de informe.

### NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Facendas Locais (TRLFL en adiante).

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construción e obras, publicada no BOP Nº 134 DE 16.07.2014, na redacción aplicable dende 04.06.2019.

### INFORME

No artigo 7º .1 da Ordenanza Fiscal antes referida, faise constar o seguinte ;

*“1.–Establécese unha bonificación a prol das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración; que se concreta nas seguintes porcentaxes:*

*a) Do 50 por cento das cotas do imposto.–Cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por organismos oficiais.*

*b) Do 50 por cento das cotas do imposto.–Cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por entidades que non persigan ánimo de lucro segundo os seus Estatutos.*

*c) Do 50 por cento das cotas do imposto.–Cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por empresarios, que foran a emprazarse no Polígono Industrial de Arzúa.*

***d) Do 50 por cento das cotas do imposto.–Cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por agricultores ou gandeiros para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.***

*e) Do 95 por cento das cotas do imposto.–Cando se trate de construcións, instalacións ou obras en inmobles de titularidade pública por concorrer circunstancias culturais (defensa do patrimonio cultural). Esta circunstancia acreditarase mediante informe dos servizos técnicos urbanísticos do Concello.*

***Para gozar da bonificación a que se refire o apartado anterior, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse, antes do inicio das construcións, instalacións ou obras, mediante escrito separado. Esta solicitude presentarase ao tempo de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza municipal que autorice a súa realización, ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se éstas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.***

***Unha vez informada a solicitude e a licenza municipal, ou efectuadas formularase proposta ao Pleno da Corporación aos efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.***

*Outorgada se procede a declaración, notificarase ao suxeito pasivo ao mesmo tempo que se xira a correspondente liquidación provisional coa bonificación correspondente.*

***Para gozar das bonificacións establecidas nas letras c) e d) deberá acreditarase xunto coa solicitude da bonificación, a circunstancia de atoparse ao corrente no pago do Imposto sobre Actividades Económicas. Acreditarase mediante o xustificante de pago do último***

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### **recibo ou mediante unha declaración responsable de estar exento do pago do mesmo.” CONCLUSIÓN**

Visto o informado polo empregado municipal do departamento de urbanismo, e que se fixo constar en apartado anterior do informe, no suposto do expediente “2017/U022/000045; Granxa Foxado.”, verifícase que a solicitude de declaración/bonificación foi presentada con posterioridade a concesión da licenza ( a parte de que a solicitude fai referencia á bonificación das taxas da licenza de obra, non do ICIO, aínda que se entenda ), o que segundo o indicado no artigo transcrito, non surtirá efectos. Igualmente tamén se indica que non foi presentada documentación acreditativa de atoparse ao corrente ou de estar exento do pago do IAE.

Nos outros dous expedientes, segundo o indicado polo traballador, as solicitudes foron presentadas con anterioridade a concesión das licencias e aportouse a documentación requerida, verifícase no expediente 2020/U022/000012: Roque de Gramil., que a solicitude presentada en data 11.06.2020, incorporada ao expediente, salvo erro ou omisión involuntaria, non consta a petición da bonificación, é na solicitude presentada en data 10.11.2020, cando se fai referencia, ao presentar documentación referida ao IAE, que se continúe coa tramitación da solicitude de bonificación ( verifíquese para a súa incorporación ao expediente), aos efectos de verificar que se presenta no prazo requerido na ordenanza municipal. Deberá verificarse polos servizos de Tesoureiría a efectiva alta no IAE de Avícola Sexto SC, e advírtese tamén de que pese a concesión da licenza, existen informes desfavorables no expediente en referencia algún dos aspectos a informar para a concesión da licenza.

Como consecuencia cabe indicar que no suposto do primeiro e segundo expediente non quedan acreditado o cumprimento das formalidades requeridas na ordenanza fiscal, por ser presentada a solicitude fóra do prazo establecido e por non ser presentada a documentación requerida na mesma.

Nos outro suposto segundo o indicado, cumpríronse as formalidades previstas na ordenanza para poder obter a bonificación pretendida, pero aos efectos da concesión da licenza existen informes desfavorables en referencia algún aspecto a analizar para a concesión da mesma.

Resulta esencial no expediente – e que debe quedar claro no mesmo - que as obras son promovidas por agricultores ou gandeiros **para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira ( documentación e informe técnico).**

Toda vez verifícase que a licenza xa foi concedida , e visto o establecido no artigo 6.2 da citada ordenanza fiscal, que establece;

*“6.2.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística*

*Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non se solicitase, concedese ou denegase aínda a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practícase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva en función dos informes dos técnicos municipais basados nos módulos contemplados no Anexo desta Ordenanza.”*

deberá verificarse pola Tesoureiría Municipal si foi efectuada a liquidación provisional do imposto, aos efectos de determinar si procede agora anular a dita liquidación e efectuar unha nova incluíndo a bonificación, de ser concedida, verificarase tamén si correspondera a

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

devolución de ingresos indebidos, por xa ter ingresado os importes da liquidación provisional.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

A Interventora

Asdo: Gema Leal Insua.”

Considerando.- Que segundo o disposto no artigo 103.2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, “as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre instalacións, construcións e obras de ata o 95%, a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”.

Considerando.- Que no artigo 7.1.d da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construcións e obras, se establece unha bonificación do 50% na cota do imposto, cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por agricultores ou gandeiros para o desenvolvemento da súa actividade.

Considerando.- Que de conformidade co reflectido no artigo 7.1 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construcións e obras, para gozar da bonificación á que refire o apartado anterior, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse, antes do inicio das construcións, instalacións ou obras, mediante escrito separado. Esta solicitude presentarase ao tempo de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza municipal que autorice a súa realización, ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.

Unha vez informada a solicitude e a licenza municipal, ou efectuadas formularase proposta ao Pleno da Corporación aos efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.

Outorgada se procede a declaración, notificarase ao suxeito pasivo ao mesmo tempo que se xira a correspondente liquidación provisional coa bonificación correspondente.

Para gozar das bonificacións establecidas nas letras c) e d) deberá acreditarse xunto coa solicitude da bonificación, a circunstancia de atoparse ao corrente no pago do Imposto sobre Actividades Económicas. Acreditarase mediante o xustificante de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

pago do último recibo ou mediante unha declaración responsable de estar exento do pago do mesmo.

Visto o informe emitido pola Interventora do Concello e, polo tanto, as advertencias no mesmo contidas, propoño ao Pleno da Corporación que **ACORDE**:

**PRIMEIRO.-** Declarar de especial interese e utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

a) As obras ás que se refire o expediente TEDEC 2017/U022/000045, tramitado a instancia de Granxa Foxado, S.C., actuando na súa representación Dona Natalia Vidal Sánchez, sobre ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción de corte, fosa de xurro e silos forraxeiros, a executar na parcela número 171 do polígono 514 da cartografía catastral, sita no lugar de O Foxado, na parroquia de Santa María.

b) As obras ás que se refire o expediente TEDEC 2019/U022/000030, tramitado a instancia de Avícola Sexto, S.C., actuando na súa representación Dona Silvia Fernández Mera, sobre construción de nave, estercoleiro e peche perimetral, con destino a explotación de polos campeiros, a executar sobre as parcelas número 83 e 84 do polígono 4 da fase de acordo da zona de concentración parcelaria de Dombodán – Branzá, sitas nas inmediacións do lugar de Carral, na parroquia de Branzá.

c) As obras ás que se refire o expediente TEDEC 2020/U022/000012, tramitado a instancia de Roque de Gramil, actuando na súa representación Dona Isabel Fernández Quintela, sobre obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción de nave, instalacións anexas e fosa de xurro, a executar na parcela número 141 do polígono 506 da cartografía catastral, sita no lugar de Gramil, na parroquia de Dombodán.

**SEGUNDO.-** En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto sobre instalacións, construcións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas, cando se adoitaron os acordos de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras promovidas polos solicitantes.

**TERCEIRO.-** Poñer en coñecemento do servizo de Tesourería o presente acordo, aos efectos de que:

a) Se comprobe na matrícula do padrón do IAE se os promotores dos expedientes dos que se dou vista están ou non obrigados ao pago do devandito imposto e, no seu caso, se atopan ao día en relación con esta obriga.

b) Se practiquen novas liquidacións provisionais bonificadas e se xiren estas aos solicitantes, para o suposto de que polos servizo de tesourería se acredite que se cumpren os requisitos fixados pola ordenanza fiscal no tocante á exención ou pago do IAE.

b) Se proceda á devolución de ser necesario ( previa comprobación do cobro polo servizo de Tesourería ) do 50% do importe que en concepto de ICIO, foi abonado pola promotora das

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

obras relacionadas co expediente de referencia TEDEC 2019/U022/000012.

**CUARTO.-** Notificar estes acordos aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas”

Interveñen:

\* O Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar:

- ¿Evaluouse o impacto económico que tería esta redución? Porque como indicou antes o Sr. Rivadulla Varela as licenzas xeran pouco ingreso.
- Que por outro lado é moi burocrático que o teña que solicitar o propio interesado ao que se lle concede a licenza, esa bonificación deberíase conceder automaticamente.

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar, que esta de acordo en aplicar estas bonificacións que tanta falta lle fan os gandeiros.

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:

- Que van votar a favor, é unha bonificación que se aplica neste concello dende hai moito tempo e dada a situación que está a vivir o noso agro, a nosa agricultura e a nosa gandeiría entendemos que é interesante.
- Que aquí en Arzúa parece que só temos turismo, pero o tecido agrogandeiro a nivel económico para o noso concello e comarca e tan importante como o turismo.
- Que cando esta xente solicita a licenza deberíase informar que poden solicitar esta bonificación, se non solicitan a bonificación será por falta de información.

\* O Sr. alcalde para indicar:

- Que non lembra que se denegara nunca unha bonificación, en canto o que comentaba o Sr. García Vázquez da burocracia, este tema hai que regulalo a través dunha ordenanza municipal, non se pode facer directamente.
- Que en canto a información, case sempre solicitan as licenzas os técnicos e eles son os encargados de trasladar esa información os propietarios e nalgún caso non se fixo, estas tres licenzas recibiron moito apoio do concello para que poideran sair adiante.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros presentes ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 3 concelleiros/as do grupo

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

municipal PP, 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG), o Pleno municipal ACORDOU:

**PRIMEIRO.-** Declarar de especial interese e utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

a) As obras ás que se refire o expediente TEDEC 2017/U022/000045, tramitado a instancia de Granxa Foxado, S.C., actuando na súa representación Dona Natalia Vidal Sánchez, sobre ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción de corte, fosa de xurro e silos forraxeiros, a executar na parcela número 171 do polígono 514 da cartografía catastral, sita no lugar de O Foxado, na parroquia de Santa María.

b) As obras ás que se refire o expediente TEDEC 2019/U022/000030, tramitado a instancia de Avícola Sexto, S.C., actuando na súa representación Dona Silvia Fernández Mera, sobre construción de nave, estercoleiro e peche perimetral, con destino a explotación de polos campeiros, a executar sobre as parcelas número 83 e 84 do polígono 4 da fase de acordo da zona de concentración parcelaria de Dombodán – Branzá, sitas nas inmediacións do lugar de Carral, na parroquia de Branzá.

c) As obras ás que se refire o expediente TEDEC 2020/U022/000012, tramitado a instancia de Roque de Gramil, actuando na súa representación Dona Isabel Fernández Quintela, sobre obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción de nave, instalacións anexas e fosa de xurro, a executar na parcela número 141 do polígono 506 da cartografía catastral, sita no lugar de Gramil, na parroquia de Dombodán.

**SEGUNDO.-** En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto sobre instalacións, construcións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas, cando se adoitaron os acordos de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras promovidas polos solicitantes.

**TERCEIRO.-** Poñer en coñecemento do servizo de Tesourería o presente acordo, aos efectos de que:

a) Se comprobe na matrícula do padrón do IAE se os promotores dos expedientes dos que se dou vista están ou non obrigados ao pago do devandito imposto e, no seu caso, se atopan ao día en relación con esta obriga.

b) Se practiquen novas liquidacións provisionais bonificadas e se xiren estas aos solicitantes, para o suposto de que polos servizo de tesourería se acredite que se cumpren os requisitos fixados pola ordenanza fiscal no tocante á exención ou pago do IAE.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

b) Se proceda á devolución de ser necesario ( previa comprobación do cobro polo servizo de Tesourería ) do 50% do importe que en concepto de ICIO, foi abonado pola promotora das obras relacionadas co expediente de referencia TEDEC 2019/U022/000012.

**CUARTO.-** Notificar estes acordos aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas

### 7.- DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 546/2020 de data 27 de outubro de 2020 ata o nº 679/2020 de data 29 de decembro de 2020.

-----

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifesta a Sra. Rivadulla Varela (PP) :

- Que teñen unha proposta de moción en apoio a autonomía financeira de Galicia, que ven motivada porque no Congreso hai un proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, igual se podería tratar esta moción no seguinte pleno, pero o mellor non se podería presentar porque non sabe exactamente cando remata.
- Que a moción consta de tres puntos: Instar ao goberno central a considerar unha serie de cuestións para o tema de autonomía financeira de Galicia.
- Que a urxencia de tratar agora esta moción viría determinada para que se emita un acordo dende o concello antes de que se aprobe no Congreso.

Tras a explicación da Sr. Rivadulla Varela, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, por 8 votos en contra (2 BNG, 1 PSdeG

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

e 5 de AxA) e 4 a favor (1CxG e 3 do PP) adoptouse considerar non xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, non se procedeu a súa lectura e debate .

### 11. ROGOS E PREGUNTAS.

\* O Sr. García Vázquez (CxG) fai os seguintes **ROGOS**:

- Quere rogarlle ao concelleiro de zonas verdes, para que se proceda a poda das árbores do perímetro da piscina, así como, que evalúe a posible corta dunha das árbores que está a carón da piscina exterior, xa que están caendo moitas follas sobre a piscina e non da sombra.
- Quere solicitarlle ao alcalde a cesión da responsabilidade política na área de urbanismo, xa que considera que o alcalde está levando urbanismo, servizos sociais e é voceiro do seu grupo. Hai un déficit na área de urbanismo, xa que non está a facer os trámites de forma precisa, e terá que ter unha responsabilidade política sobre a área de urbanismo polo cal debería delegala.
- Quere rogar ao partido popular que faga un comunicado ou unha intervención visto o que pasou co Pel reactiva baseándose nas bases que fixo a Deputación, que soliciten os representantes do PP na deputación para que na medida do posible miren este tema porque aquí en Arzúa só supón unha axuda do 16%, sobre 400 pemes que temos só 66 van percibir algo, supón un 7% do orzamento da Deputación para algo que infuncional.

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) fai as seguintes **PREGUNTAS**:

1º.- ¿ Se o concello de Arzúa se acolleu a entrar na area metropolitana de Santiago? Xa que venceu o prazo para acollerse a ela no mes de decembro e gustaríanos saber se o concello de Arzúa se acolleu ou ten pensado facer algo con respecto a ese tema ou non.

Como todos sabemos cambiou a empresa que fai o transporte de Santiago a Lugo e xa empeza a haber problemas, hai xente que está viaxando de Palas de Rei a Santiago e o billete é mais barato que de Arzúa a Santiago.

Que lles gustaría que se instase a empresa a cumprir os horarios de saída das paradas, o horario que ten a empresa no seu calendario é incumplible, pero o que non pode ser é que se ten unha saída a unha hora dunha parada, o autobús saía antes desa hora desa parada.

2º.- Que o concello de Arzúa non sal na campaña que se está a facer de “Acende o

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Xacobeo”, é un video que fixo a Xunta de Galicia no que saen case todos os concellos de todos os camiños de Santiago, e Arzúa é cruce de camiños e non sal nela. Parece ser que lle solicitaron os concellos que mandaran un monumento ou o que quixeran iluminar e do Concello de Arzúa parece ser non tiveron resposta, non saben se é certo ou non.

Polo que instan ao goberno de Arzúa que faga a súa protesta ante a Xunta de Galicia por non incluír a Arzúa, xa que entenden que Arzúa é un dos concellos mais importantes do camiño e debería saír nesa publicidade.

É unha tontería que se estea gastando diñeiro do Concello para facer campañas publicitarias, cando se fai unha campaña desas a nivel nacional e Arzúa non sae nela.

3º.- Con respecto o palco que se fixo no campo de fútbol, queren preguntar:¿o concello ten coñecemento de cando se vai poder retransmitir desde el ? ¿que pasa coa parte de abaixo do mesmo?, xa que non serve nin para almacén, unicamente pode servir para pegarse un baño porque parece que é unha piscina.

4º .-Que teñen queixas de bastante/s mozos/as que queren ir a xogar ao padel e non saben como proceder para poder solicitar unha pista a quen se teñen que dirixir, xa que non hai información diso, as pistas están practicamente paradas cando antes estaban masificadas, a xente de Arzúa está indo agora a Oroso ou a Santiago.

5º Sobre o convenio que se asinou para arranxo das estradas na vila de Arzúa, que saíu nos medios de comunicación hai un mes, e sí algo arranxouse, pero pedirían tamén que se pintasen os pasos de peóns, e que os que fan os arranxos que non se rían de nós, porque diante de casa Teodora e a altura do número 10 da rúa de Lugo fixeron os arranxos un día con nocturnidade as 11 de noite votaron unhas paladas de aglomerado ou algo parecido e pisaronno cuns pisóns a man como se traballaba cando el era cativo e ahí está todo levantado, polo que hoxe os de casa Teodora estaban lavando a fachada cunha máquina a presión, e cando ten as mesas na terraza salpica. Polo que se pide que desde o concello se inste as empresas coas que se asinou o convenio para que no fagan estas chapuzas e para que fagan o arranxo ben.

6º.- Que no decreto 553/2020 que vai sobre o cobro dos recibos da auga hai 35.000 euros e no decreto 671/2020 hai 4.000 euros, e non sabe se houbo algún erro ou aparecen esas cantidades por outro motivo.

Que entenden que baseandose nestes decretos que o recadado mais ou menos polo canon da auga do Concello son sobre 70.000 euros ao ano, e xa teñen preguntado en mais plenos se esa recadación é para repercutir nos concellos para melloras, ¿canto deste diñeiro que se recadou Augas de Galicia o ano pasado, canto repercutiu ou veu de volta para o Concello de Arzúa?

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que fai o seguinte ROGO, o seu grupo xa propuxera nun POS anterior que se fixera un plan específico para saber o estado das pistas do noso concello, hai pistas que están en moi mal estado, e sería bo que cando sal un plan saber cales son as prioridades, hai un ano eles falaran da pista que vai do Raido a Preguntoño, xa que está en moi mal estado, e se lles dixo que se ía arranxar. A concelleira de obras pasou por alí haberá un ano segundo lle dixeran os veciños e dixolles que se ía arranxar urxentemente e aínda esta nas mesmas condicións.

Indica o alcalde que esa pista está arranxada.

- Que o outro día foi a comisión informativa a contratación do servizo de axuda no fogar, que se vai levar a unha Xunta de Goberno, pero ¿vai volver a tratarse ese asunto en comisión informativa ou vaise aprobar como estaba, non se van modificar os erros que tiña o prego?

Contesta a Secretaria que xa se concretaron cambios no acordo sendo competencia da Xunta de goberno local a aprobación do expediente.

- Fai o seguinte ROGO, sobre a modificación do plan xeral que se está a tramitar na zona de San Salvador-Santa María, saíu publicado xa no DOGA, e os veciños afectados, non saben se os que saen beneficiados recibiron notificación, pero os que saen perxudicados, sobre todo algúns que falaron con eles, non teñen notificación de ningún tipo ata o de agora, tampouco saben se está colgado ou non.

Constesta a secretaria que hai información completa do expediente na web e anuncio en taboleiro pero repasará a falta de notificación individual.

Indica o Sr. Carril Ramos, que eles entenden que se debería comunicar aos veciños de que se están realizando eses tramites para que teñan os dereitos que lles ampara a lei para poder presentar alegacións en tempo, se se senten prexudicados, hai algúns, non sabe se todos, que non tiveron notificación de ningún tipo.

- Que nos decretos dos que se dou conta anteriormente aparecen unhas compras de libros a librerías de Santiago, e as librerías de Arzúa poden servir perfectamente para subministrar eses libros na medida do posible.

Se queremos apoiar o comercio local e se están tomando esas medidas ROGA que esas compras se fagan nas librerías de Arzúa, porque se non teñen o libro nun prazo de 2 ou 3 días conseguíno.

- Que ten mais preguntas que quedaron do pleno anterior sen responder e queren

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

volver insistir sobre ela ¿Cando se vai a convocar o Consello da radio?, levan 20 meses de lexislatura e a oposición non temos dereito a ir a radio, non houbo consello, o director da radio non cumpre co que está acordado.

Contesta o alcalde que xa está contestado que é cuestión de prioridades que él non fai un sobreuso da radio .

A concelleira do BNG Lucía López Sobrado di que conste en acta esta resposta do Alcalde xa que o BNG non fai sobreuso que inda están esperando para facer entrevista .

- Que quere que conste en acta que ten moi poucas leccións que darlle sobre a democracia na radio o BNG.

Manifesta o Sr. Carril Ramos, que cando gobernaba o BNG a radio abriuse a todos os grupos municipais e cada venres un grupo tiña un tempo de radio, dependendo do número de representantes que tivera, tiña mais ou menos minutos.

Indica o alcalde que nin a él nin os seus compañeiros que no seu momento se foron do BNG lle conten trolas, que llas conten a quen lles crea, senón convocase un día o director da radio ao pleno e que lles conte el.

Indica o Sr. Carril Ramos, que co outro alcalde do BNG había intervención de grupo, na anterior lexislatura cambiouse o formato a debate o BNG non tiña representación, polo que non se lles pode achacar a eles eses conflitos, vostede falou en plural da xente o seu grupo e toda a xente do seu grupo non pensa como vostede. Entablase unha discusión entre o Alcalde e os concelleiros do BNG pedindo a concelleira do BNG que conste en acta a falta de respecto do Alcalde o dicir que o seu grupo conta trolas cando o Alcalde leva sen convocar consello da radio moito tempo.

- Que outra PREGUNTA que se fixo no pleno anterior e non se contestou, é se se arraxou a pista, pola cal foron os servizos municipais a falar coa empresa que estaba a sacar madeira.

¿Canto se recadou no ano 2020 en fianzas dos maderistas para que repoñan o firme das pistas nas zonas onde sacan madeira?, e quere lembrarlle que hai algúns casos que os maderistas están deixando as pistas “guapas”.

- Que outra PREGUNTA que levan facendo hai bastante tempo, a cal o alcalde dixo que estaba traballando niso, é o tema dos contratos e subministros.

- Que outra PREGUNTA do pleno anterior sobre unha pista que se arraxou en Oins e que preguntamos quen dera orde de arraxar no concello do Pino, quen fixera os informes, se a empresa depositara unha fianza, se se lles vai esixir unha garantía, porque a pista sacando os baches gordos o resto quedou igual.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Resposta o alcalde que se volveu a arranxar.

- Que outra PREGUNTA que fixera no último pleno era sobre as obras que hai pendentes de realizar do último, antepenúltimo POS, obras que levan un retraso de tres anos e non saben cal é o problema de porque se retrasa tanto a súa execución.

Contesta o alcalde que xa se incorporou TAX para facer contratacións.

Quere facer un ROGO, que aprobase un regulamento organico municipal coa maioría dos votos dos membros do goberno e non lembra se algún grupo mais votou a favor, que non se está a cumprir, polo que piden que mentres non se dean as condicións oportunas para poder cumprir con este regulamento se deixe sen efecto, porque se usa para unhas cousas e para outras non.

Continúa o Sr. Carril Ramos realizando as seguintes PREGUNTAS:

1º.- Liña eléctrica de Portodemouros a Touro, da que se falara no seu momento, cheugonos comunicación dalgúns veciños de que estaban poñendo sinais nalgunhas parcelas e incluso os propietarios das parcelas non sabían nin quen as puxeran.

¿ Ten constancia documental o concello de que está liña fose utilizada e declarada de utilidade pública pola xefatura territorial da Consellería de industria ou outro órgano competente?

¿ Solicitou a empresa promotora o concello autorización municipal correspondente para esta obra?

¿ Ten constancia o concello da actuación da empresa nas fincas particulares do veciños? De ser así cal vai ser a actuación do concello

¿ Se o concello coñece se existe algunha relación entre a construción desta liña e o fallido proxecto de reapertura da explotación mineira?

Esto vai sobre unha liña que se falaba de trazar hai uns catro anos da subestacion de portodemouros ao polígono industrial de Touro, polo que fan o seguinte ROGO, que solicitan que no suposto hipotético de que se teña que dotar o polígono industrial de Touro de maior potencia este se realice evitando a construción dunha nova liña aerea optando pola potenciación das xa existentes, a parroquia de Dombodán está cruzada por un montón de liñas, entenden que se podería repotenciar algunha liña antes de facer unhas liñas novas, de non ser así sería ideal o soterramento en todo o percorrido. Solicitamos que calquera modificación substancial que se produza no posible expediente, ben por desvío do obxecto individual do mesmo alimentar unha explotación mineira en vez de dotar de maior potencia ao polígono industrial por cambio desorbitante cobre San Rafael SL en vez de Explotacións Galegas durante a súa tramitación debe supor a denegación de calquera autorización do mesmo por parte de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

concello.

O Sr. Rivadulla Varela (PP) fai os seguintes ROGOS:

- Que se controle mais os cans, porque lle comentan que hai xente que pasea os cans por Arzúa sen que leven bozal nin correa, o concello podería estar un pouco mais encima desa cuestión.

- Que hai unha zona da gardería onde as veces se cometen actos bandálicos, como plantar lume nun oco que hai cun muro que está caendo entre a rúa San Vicente e a rúa do Carme, o cobertizo que hai o lado da gardería debería tirarse ou darlle outro uso porque está caendo e supón un perigo.

- Que cando se instalou o alumedado de Nadal houbo xente que dicía que non era o momento de gastar en alumedado, os veciños do Rego da Raña reclaman que esa zona non está iluminada e sen embargo as outras zonas de comunicación si están. Estaría ben de mirar para o vindeiro ano de que teñan algún tipo de iluminación nesa rua.

- Cubrir a pista de padel, porque se inunda cando chove.

- O muro que está entre a rúa do Carme e rúa San Vicente, é de propiedade privada e habería que reclamarlle o dono que acometa as accións necesarias para conservalo ou senon o faga o concello e despois pase factura.

Contesta o alcalde que con respecto a ese último rogo están pendentes de informe técnico.

\* O Sr. Rivadulla Varela fai as seguintes PREGUNTAS:

- Cando se vai acometer a obra de colocación do céspede no campo de fútbol, xa que esta obra foi anunciada pola concelleira Sra. Balado Conde a bombo é platillo hai tempo.

- Houbo unha queixa se saíu na radio galega na que se comentaba que no campo de fútbol de Arzúa, que onde estaba ubicada a cabina de prensa non contaba con telecomunicacións, o claveado quedaba nas gradas, Amtega que se encarga do tema tecnolóxico na Xunta intentou sacar o cableado por alí, o ideal sería meter todo o cableado por abaixo unha vez que se acometa a obra da colocación do cespede, facer unha pequena canalización para pasar o cable, había tamén quen se comprometía a facelo doutra maneira como era compartir a canalización coa rede eléctrica.

- As axudas para telecomunicacións cre que se anunciaran no consello da Xunta a mediados de decembro, se o concello ten previsto que van saír axudas que estean

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

pendentes.

- Devolución das taxas do conservatorio, e de actividades culturais e deportivas, que durante o verán xa se lles comentara que se ía abrir un novo curso e a xente que ía pagar por este novo curso taxas, aínda non sabían nada da devolución de ditas taxas, porque non puideron ter esas actividades pola pandemia, en gran parte se devolveron esas taxas, pero había quen o último día non sabía nada polo tema da devolución das actividades culturais e tiña que andar chamando o concello, a xestión foi caótica e tardía.

Alcalde di que houbo xente que pediu a non devolución.

Resposta o Sr. Rivadulla Varela que as devolucións tiveron lugar entre o 29 e 30 de decembro, xa tarde porque o curso xa está a metade

Cristina Castro concelleira do PP indica que non se fixo a devolución.

Segue o Sr. Rivadulla Varela preguntando:

-¿ Por que houbo unha empresa facendo limpeza en vías de diversas parroquias por un contrato menor asinado o 7 de xullo deste ano pasado, habendo no concello maquinaria e persoal para facelo?

- Houbo que renunciar a unha axuda da secretaria xeral de igualdade, segundo se mencionaba nos decretos dos que se dou conta no punto anterior, por tema de cantidade de persoas.

- Tamen lle chama a atención nos decretos o tema de protección de datos, a petición que fai o BNG sobre de que o concello lle pase un informe semanal, e extrañalle a resposta que da o concello de que o tema de protección de datos está pendente de amañar, cando a lei orgánica 3/2018 entrou en vigor o 7 de decembro de 2018, non sabe exactamente o que está pendente de amañar, porque se non o fai o concello ten delegada a competencia nunha empresa ou en quen corresponda, polo que tería que estar mais que claro.

- O tema de Acende o Xacobeo o cal comentou o compañeiro do BNG, non aparecía Arzúa pero tampouco aparecen moitos concellos de Galicia, a iluminación levouse a cabo en 41 monumentos tanto en Galicia como en outras comunidades autónomas en total foron 10 comunidades autónomas as que participaron, polo que hai moitos concellos do camiño que non entraron, O Pino non entrou, Palas de Rei tampouco, moitos concellos gobernados polo PP non entraron. Preguntamos porque se decidiu así, decidiuno vicepresidencia que escollería certos monumentos emblemáticos, pero os concellos que non entraron quedaron en que se lles daría protagonismo a longo do Xacobeo tanto neste ano 2021 como no ano 2022, de feito en decembro viñeron aquí alcaldes do camiño facer unha presentación, polo procuraran facer reparto de actividades, por tanto isto non quere dicir que o concello non poida insistir en

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

vicepresidencia en cultura ou en turismo para estar presente en mais actividades.

Begoña Balado concelleira do PsdG-PSOE di que o certo é que Arzúa e un punto estratéxico con tres camiños preto d eSantiago .

O concelleiro do BNG Xoán Xesús Carril pregunta se Arzúa contestou.

A concelleira Begoña Balado di que non pediron información que enteráronse có video.

As 21:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---